

Walt Whitman

Oh, capitán!

Poemas de Walt Whitman
para a xente do instituto

Prólogo

Walt Whitman, o home, o autor

Walter Whitman, a quen axiña chamarían Walt para distinguilo do seu pai, naceu no ano 1819 en Long Island. Foi o segundo de nove irmáns, nunha familia non precisamente privilexiada. O seu pai, carpinteiro e granxeiro, home de escasa formación, fervoroso patriota e simpatizante dos cuáqueros (comunidade relixiosa defensora dun cristianismo primitivo), era autoritario e tiña problemas coa bebida. A súa nai, en cambio, era unha muller cariñosa, e Whitman di que herdou o seu temperamento. A traxedia foi unha constante familiar: un irmán do poeta naceu enfermo e dependente; outro, alcólico, morreu novo; un terceiro ingresou nun psiquiátrico e morreu alí; e unha irmá, tamén con problemas mentais, era maltratada polo seu home. Como el mesmo referiu nalgunha ocasión, a súa non foi unha infancia feliz.

Cursou estudos primarios, pero ós once anos abandonou a formación regrada. Non obstante, dende moi cedo compen-sou esta carencia con lecturas, visitas a museos e, máis adiante, con asistencia a círculos de intelectuais e artistas. Comezou a súa inestable vida profesional traballando de mozo dos recados dun despacho de avogados; logo foi aprendiz nunha imprenta e editor en diversas publicacións, e mesmo chegou a fundar un xornal propio, de escaso éxito e curta vida. Durante varios anos traballou tamén de mestre, profesión que nunca lle

gustou, pois cría na capacidade do ser humano para aprender libremente e desconfiaba do poder educativo das aulas. Nun momento en que atravesaba penurias económicas che-gou mesmo a abrir unha tenda. Cando estalou a Guerra Civil, o autor xa tiña corenta anos –demasiados para alistarse–, así que traballou como enfermeiro voluntario e redactor de cartas persoais dos feridos que enchían os hospitais de Washington.

A súa afección pola literatura xurdiu vinculada ó xornalismo, que foi a actividade máis constante na súa vida. Escribiu contos e artigos, e mesmo unha novela sobre o alcolismo, *Franklin Evans*, da que renegaría despois dicindo que fora escrita en tres días e baixo a influencia, precisamente, do alcol. Pero a grandeza que asociamos ó seu nome provén sen dúbida da lírica, xa que Walt Whitman será coñecido por apelativos como “o poeta do pobo” ou “o bardo da democracia americana”.

Nunha conferencia, Whitman oíulle dicir ó escritor e filósofo Ralph Waldo Emerson que “poeta é o que di, nomea e representa a beleza; o soberano, o que está no centro; o que anuncia o nunca profetizado; o único sandador verdadeiro; o deus que libera”. Así que decidiu lanzarse a esta inxente tarefa: compuxo os seus primeiros poemas e editounos co nome de *Follas de herba* (malia que o nome “herba” era o que se lles daba ás publicacións de escaso valor).

A obra tivo moitas reedicións, nas que o poeta ía completando, modificando e reorganizando os seus versos, e non todas tiveron a mesma sorte. A primeira, de 1855 e pagada polo autor, pasou case ignorada pola crítica. As poucas re- censiós eloxiosas escribiunas o propio Whitman con dis- tintos pseudónimos. As vendas foron escasas, como tamén as dunha temperá segunda edición. Pola terceira, de 1860,

uns editores de Boston pagáronlle dereitos de autor e, ademais, vendeuse ben e tivo boas críticas. Porén, coa chegada da Guerra Civil os editores arruináronse e o libro pasou a outra editorial que o publicou durante anos sen pagarlle os seus dereitos ó poeta. Aínda así, Whitman foi medrando en prestixio, tanto entre os lectores norteamericanos coma entre ingleses. Pero o verdadeiro impulso promocional deu-llo, sen pretendelo, a Sociedade de Nova Inglaterra para a Supresión do Vicio, que denunciou a sétima edición (estamos xa en 1881) ante o fiscal de Boston. O editor pediulle ó autor que retirase da obra os poemas máis obscenos, pero como Whitman se negou a facelo, rescindiu o contrato. A obra volveu cambiar de editor e o volume foi vendido como “o libro que quixeron prohibir”, o que lle proporcionou un éxito rotundo e unhas boas ganancias ó seu autor. A última edición (a novena, 33 anos despois da primeira) é de 1891, e sairá cando Walt Whitman estea xa no seu leito de morte.

A relevancia da súa obra

Follas de herba está considerado como o gran poemario da nova nación estadounidense, o canto ó nacemento dun mundo novo. É tamén un canto ó eu, dun ser en formación, e de todas as persoas que conformaban o mosaico da súa terra: ricas e pobres, brancas e negras, mulleres e homes. Pero para cantarlle á nova sociedade había que buscar unha linguaxe tamén nova. Os moldes da poesía tradicional inglesa non valían para un novo estado, a linguaxe e os metros antigos non valían para a modernidade. Quizais a súa escolla máis signifi-

cativa nese sentido foi o verso libre, aínda que hai outro trazo estilístico que condicionou máis a recepción da súa obra: o uso dun vocabulario vulgar que non fuxía de palabras como “fornicar” ou de mencións explícitas ó sexo cunha naturalidade que escandalizou a moitos, especialmente nos sectores católicos.

Whitman era, como dixemos, un defensor da democracia e dunha sociedade igualitaria en harmonía coa natureza e co cosmos. Era antiescravista e cría tamén na igualdade entre homes e mulleres e na liberdade amorosa. Tense discutido moito sobre a súa homosexualidade, pero o feito é que se descoñece se mantivo ou non relacións afectivas ou sexuais con outros homes, a pesar das alusións máis e menos explícitas (que de ambas hai) na súa obra. O que está claro é que hai nos seus versos unha naturalización do sexo á que a poesía americana non estaba afeita. Por iso, e porque Whitman defendía tamén que as contradicións do ser humano formaban parte dun todo que era fermoso en si mesmo, a súa obra e o home que a asinaba recibiron con frecuencia feroces ataques.

Crterios de escolla e tradución

A selección dos poemas que compoñen esta antoloxía fíxose seguindo dous criterios principais: que fose de interese para un lector ou lectora novo (malia ser consciente da ambigüidade do termo) e que fose representativa en canto ós temas e o seu tratamento por parte do autor.

Na súa tradución presentáronseme algunhas dificultades que me gustaría mencionar aquí. A primeira e a máis evidente ten que ver co léxico. O uso de arcaísmos, neoloxismos e

mesmo xergas profesionais deume máis dunha dor de cabeza. Ademais, as escollas léxicas do poeta moitas veces procuran a estrañeza, e o mesmo ocorre coa sintaxe. Algunhas traducións a outros idiomas optan pola naturalización na lingua meta, en prol da fluidez na lectura. Nalgúns casos moi extremos fixen tamén así, pero en moitos outros tentei manter o impacto que o texto ten na súa versión orixinal.

Outra dificultade da tradución reside no uso da puntuación. Nos versos de *Follas de herba* predominan as longuísimas enumeracións de imaxes separadas entre si por comas. Nalgunhas traducións óptase por substituír esas comas por puntos, na busca dunha maior correspondencia coa puntuación na lingua de chegada, pero a lectura dos versos adquiriría un peso que non sentía nos versos orixinais. Decidín, pois, respectar na medida do posible a puntuación primitiva. Non foron poucas, tampouco, as dúbidas que tiven en canto ó xénero (estase referindo a un home ou a unha muller?, a unha irmandade de homes ou de persoas?).

En calquera caso, sendo esta unha edición bilingüe, a tradución pode servir como elemento de apoio a quen se anime a mergullarse nos poemas orixinais.

Deséxovos unha boa e pracenteira lectura. E ollo, porque pracenteira non é o mesmo que cómoda. É posible que algún destes versos esixa de vós unha implicación á que non estades afeitos: Walt interpelaravos e verédesvos na obriga de darlle unha resposta, pero o esforzo pagará a pena.

Penélope Pedreira
Sevilla, febreiro de 2021

1

When I read the book

When I read the book, the biography famous,
And is this then (said I) what the author calls a man's life?
And so will some one when I am dead and gone write my
 life?
(As if any man really knew aught of my life,
Why even I myself I often think know little or nothing of
 my real life,
Only a few hints, a few diffused faint clews and indirections
I seek for my own use to trace out here.)

1

Cando lin o libro

Cando lin o libro, a famosa biografía,
dixen: así que isto é o que o autor chama a vida dun home?
E tamén escribirá alguén, cando eu estea morto, a miña vida?
(Coma se alguén soubese realmente algo da miña vida,
se mesmo eu penso a miúdo que nada sei, ou ben pouco, da
miña verdadeira vida,
apenas certos vestixios, sinais vagos, difusos e nesgados
que, para min mesmo, procuro rastrexar aquí.)

2

Poets to Come

Poets to come! orators, singers, musicians to come!
Not to-day is to justify me and answer what I am for,
But you, a new brood, native, athletic, continental, greater
 than before known,
Arouse! for you must justify me.

I myself but write one or two indicative words for the future,
I but advance a moment only to wheel and hurry back in the
 darkness.

I am a man who, sauntering along without fully stopping,
 turns a casual look upon you and then averts his face,
Leaving it to you to prove and define it,
Expecting the main things from you.

Poetas vindeiros

Poetas vindeiros! Oradores, bardos, músicos vindeiros!
Non será hoxe o día que me xustifique e responda polo que
son,
pero vós, unha nova prole, nativa, atlética, continental, maior
que ningunha coñecida,
espertade!, pois vós habedes de xustificarme.

Eu tan só escribo unha ou dúas verbas indicadoras do futuro,
tan só avanzo un intre para recuar e voltar ás tebras.

Son un home que, camiñando devagar mais arreo, vos dirixe
unha ollada casual para despois virar a cara,
e deixarvos a vós demostrala e definila
agardando de vós o importante.